

Nº 8



Sumario

| Título | Autor | Páxina |
|--------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------|--------|
| Editorial. | | 3 |
| À manipulación informativa. | Redacción. | 4 |
| O dereito á televisión. | Alberto Lema. | 5 |
| Estais todos locos. | Gael Sande Ávendaño. | 6 |
| O dereito a información: compromiso ético. | Enrédate Radio. | 7 |
| Govi. | Alexandre Doucin, María Ríos e Fátima Ruiz. | 8-9 |
| À manipulación informativa en violencia de xénero. | Rede de mulleres veciñas contra os malos tratos de Vigo. | 10 |
| Morte en Colombia e lume no Pindo. | Juan Pablo Forti. | 11 |
| Os Biosbardos: protectora de animais de Ponteareas. | Protectora de Animais Os Biosbardos. | 12 |
| Abrir Vigo ao Mar: pero desta volta de verdade. | Úxio Reinoso. | 13 |
| Viñeta. | Carlos Casal. | 14 |
| À Boia entrevista a... | Toni Martínez. | 15 |
| Portada e almanaque. | Pels. | |

0.50€

nº8

Novembro-2013

COLABORA CONNOSCO!

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Locais de distribución:

Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),
Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café Uff (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), Bar Hipólito (Vigo),
Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Cangas),
La bolera (Moaña), Rañolas Café (Condomar), Casa Colorida (Rigrán), LS Faísca
(Calvario), CS Fuscalho (A Guarda).

Tirada do número anterior: 186 exemplares.

À boia por Revista À Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.



EDITORIAL

En marzo deste ano o gabinete de prensa do PP balear cometeu un "lapsus mail" que deixou en descuberto un xeito de corrupción que a maioría descoñeciamos. O correo, que por erro chegou a redacción de varios medios de comunicación realmente independentes, comezaba cun educado "Bos días opinadores, estas son as noticias do día para comentar...". Os /as "opinadores/as", son periodistas de medios maioritarios que, por razóns ideolóxicas e/ou pecuniarias, reinciden, dende unha posición aparentemente independente, na estratexia informativa do PP. Neste caso concreto tratábase de negar que o presidente balear Bauzá fose un ladrón do erario público; desprezar o seguimento e valores da folga do profesorado, e desviar a atención cara unha serie de "boas noticias" obra e gracia do PP. Para isto se lles daba unha serie de argumentos de elaboración do propio gabinete e indicacións da forma politicamente correcta de facelo, evitando así semellar demasiado fascista ou oficialista.

Este asunto é grave. Evidenciouse que o PP ten periodistas en plantilla e probablemente isto non sexa unha excepción se non máis ben un costume. Pero simultaneamente descubriuse unha falla democrática, non só porque haxa uns cantos mercenarios/as de partidos políticos, senón tamén porque esta noticia non tivo a mesma repercusión nos medios do "cuarto poder" que os casos nos que os corruptos/as eran cargos públicos e

políticos partidistas. Queremos saber quen son en concreto os/as opinadores/as? Quen nos informa sobre os informadores/as?

Ademais este suceso evidencia dúas tácticas da oligarquía para manter a súa posición privilexiada nun sistema nominalmente democrático; unha é o sostemento do principio de Goebbels "unha mentira repetida mil veces convertese en verdade", e a outra facernos crer que o principio da separación dos poderes de Montesquieu persiste no noso sistema capitalista.

A estas alturas do drama, boa parte da poboación sabe que os capitalistas financian partidos, que o goberno presiona os xuíces, que os lobbys "convencen" aos partidos, que os partidos teñen periodistas a soldo, que hai xuíces que militan en partidos políticos e que a familia real é unha podremia... pero apenas hai unha resposta popular. Quizais sexa porque áinda hoxe en día a oligarquía é a única con capacidade para definir cal é a opinión pública maioritaria e, polo tanto, "democrática" e lexítima... Por todo isto é preciso a túa colaboración en medios de auténtica comunicación como son A Boia, Galizacontrainfo, La Marea, Indymedia,...

*http://mallorcaconfidencial.com/20130315_103758-al-pp-se-le-cuela-en-un-correo-a-los-medios-la-estrategia-intoxicadora-en-los-digitales.html

DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"
MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

A MANIPULACIÓN INFORMATIVA.

Redacción.

SITUACIÓN ACTUAL.

Se ben ata finais do século XX foron o compendio de prensa, radio, cine e televisión os conformaban a comunicación social, agora mesmo son principalmente os medios audiovisuais, os que ocupan unha posición dominante. Os medios en papel, que foran paulatinamente popularizados nas xeracións anteriores, están agora relegados. Hoxe en día, a formación do pensamento político das persoas faise principalmente a través da comunicación audiovisual da televisón, o cine, a web e as redes sociais (youtube, facebook,...).



En xeral, os estandares da producción e transmisión audiovisual son moi altos, inalcanzables para as clases populares. Por unha banda precisase unha gran capital para producilos e promocionais, e por outra banda, existe un ferreo control estatal e de corporacións privadas sobre as canles de transmisión maioritarias: é o caso das licencia de emisión radiotelevisiva ou a censura sobre o facebook, youtube, etc... Así pois, a cidadanía debe ter en conta, que a comunicación audiovisual ainda que sexa "popular", está en realidade baixo

os intereses de grandes corporacións capitalistas e partidos políticos.

Esta situación hexemónica crea unha forte contradición co concepto de democracia, xa que anulase a capacidade das persoas para involucrarse e decidir por si mesmas. Controlando a creación e difusión da información é como logran un poucos implantar entre a maoiría un consenso ideolóxico ao seu favor.

QUE PODEMOS FAZER?

Sen un control social dos medios de comunicación é imposible acadar unha sociedade libre e democrática. Por iso é preciso participar, na medida do posible, nos medios de comunicación de masas xa existentes, pois é necesario que a nosa voz apareza nos maiores espazos posible: trátase de contrarrestar, o fío ideolóxico dos poderosos e dotar de argumentos ao conxunto da cidadanía. Se son os medios de masas os que crean ideoloxía, teremos que estar presentes neles.

"Sen un control social dos medios de comunicación é imposible acadar unha sociedade libre e democrática."

Por outra parte, e dado que o anterior é difícil nunha correlación de forzas tan desfavorábel, faise necesario construír medios de comunicación propios. Un medios de amplio alcance, que teñan a capacidade de dotar á maioría da súa propia ideoloxía e afastala dun discurso totalmente contraproducente para a súa propia realidade material.

O DEREITO Á TELEVISIÓN.

Alberto Lema.

No século XIX, a facción reaccionaria da burguesía aliada cos restos do Antigo Réxime (monárquicos e Igrexa) estaban en contra da ampliación do voto a escala universal porque sospeitaban que o cuarto estado nunca votaría por eles. A facción progresista da burguesía, os chamados liberais ou republicanos, pola súa parte, si estaban a prol da extensión do voto porque pensaban que poderían crear, cos obreiros e campesiños, unha alianza de clase maioritaria. Os dous estaban errados.



O voto do cuarto estado, dos traballadores -antes da creación dos seus propios partidos e tamén despois- dividiuse sempre entre conservadores e liberais a partes más ou menos iguais ao longo dos últimos cento cincuenta anos nas democracias burguesas europeas consolidadas, é dicir, en Francia e Inglaterra. Por que non se realizaron, entón, as previsións optimistas dos liberais, nin as más lúgubres dos conservadores?

A burguesía conservadora non dispuña das mellores cabezas pensantes do seu tempo, certo, pero tiña cartos para crear xornais da súa corda, e, sobre todo, dos púlpitos das igrexas desde onde os curas predicaban submisión á orde establecida, temor de deus, mansedume e caridade cristiá para resolver os problemas económicos. Isto debería abondar para explicar por que a clase obreira máis organizada e consciente foi sempre furiosamente anticlerical ("a única igrexa que arde..."), pero centrémonos agora na primeira parte do asunto, e desde a perspectiva de hoxe.

"En España o estado monopolizou a emisión televisiva ata mediados dos oitenta, aínda hoxe concede as licencias de xeito discrecional."

A partir dos primeiros sesenta, o medio de comunicación máis estendido, e con máis potencial para a creación de opinión e control ideolóxico, pasou a ser a televisión. Un formato moito máis caro e complexo tecnicamente que calquera dos anteriores, sobre o que os estados estableceron unha vixilancia de ferro (pensemos, por caso, que en España o estado monopolizou a emisión televisiva ata mediados dos oitenta e que aínda hoxe concede as licencias de xeito discrecional).

ESTAIS TODOS LOCOS.

Gael Sande Avendaño.*

"¡¡¡Estáis todos locos!!!! Sólo a personas que no estén bien de la chaveta se les ocurre andar en bicicleta por Vigo!!!!"

Esta reacción aconteceu o outro día mentres me facían unha proba de difusión pulmonar no hospital Xeral. Deborecoñecer que a resposta foi instantánea.... "señora, partindo do suposto de que eu estea tolo por ir en bici, explíqueme por que vostede non o está por aventurarse todos os días no seu coche cando proporcionalmente vostede duplica a probabilidade que eu teño de morrer en carretera". Acabou a conversa, só un aceno irónico de quen non sabe manter unha conversa constructiva porque se lle acaban de romper todos os criterios pre establecidos.

"O mero feito de subirte a un artiluxio de dúas rodas sen motor xa é en si un acto de liberdade. Liberdade por depender dun mesmo."

Sinceramente nunca entendín ese concepto tan marcadamente patrio sobre a peligrosidade da bicicleta. Lembro á miña nai o día que deixei de lado a tarxeta de Vitrasa para convertir a bicicleta no meu medio de transporte por Vigo. Parecía que se estaba a despedir de min. O seu fillo acababa de converterse en carne de canón para os accidentes de tráfico, terminaría por converterse nunha esquina nun xornal, nun número máis nas estatísticas da dirección xeral de tráfico. NON, nada máis lonxe da realidade. Desterremos os estereotipos. Andar en bicicleta é moito más seguro que facelo en coche ou en motocicleta. Andar en bicicleta ten unha relación directamente proporcional coa mellora da calidade de vida das persoas, quen se desplaza todos

os días en bicicleta polas súas respectivas vilas e cidade vive de media 11 meses máis malia estar sometido a unha proxección directa dos tubos de escape dos vehículos, as condicións psicofísicas das persoas que se desprazan a traballar todos os días en bicicleta fan que as súas taxas de productividade se dupliquen con respecto ás dun traballador normal. Pero sobre todo, andar en bicicleta sempre foi unha forma de reivindicación. O mero feito de subirte a un artiluxio de dúas rodas sen motor xa é en si un acto de liberdade. Liberdade por depender dun mesmo, liberdade por ser ti o que elixes o camiño a seguir, liberdade por ser capaz de andar libremente dunha orixe a un destino, liberdade por romper co establecido, a fin de contas.



Masa Crítica de Vigo. Todos os últimos venres de mes ás 20h na entrada do IES Santa Irene (Praza de América). Vigo.

* Membro de Masa Crítica Vigo.

• DEREITO Á INFORMACIÓN: COMPROBAMOS ÉTICO.

Enrédate Radio.

Na escena actual da sociedade da información, estamos ante un dos retos mais grandes deste século: que historias cremos, cales contamos e cales eliximos que permanezan.

"Temos todos os medios ao alcance para que a información chegue a todas as partes e sexa un ben para todas, pero temos un reto enorme, que é discernir cando a información é veraz e cando non."


Temos todos os medios ao alcance para que a información chegue a todas as partes e sexa un ben para todas: a tv, radio, prensa, xunto coas novas plataformas dixitais e redes sociais: blogs, facebook, youtube, twitter... ofrecen un amplo abano; pero temos un reto enorme, que é discernir cando a información é veraz e cando non: aos poderes políticos, económicos e ideolóxicos de toda orde ábreseelle milleiros de posibilidades de control non só dos medios senón das nosas opinións.

A desaparición de profesionais da comunicación que outrora cobrían con rigor e seriedade, a fusión dos medios en grandes grupos de comunicación que funcionan como lobbys ao servizo dos poderes políticos e económicos no canto de fiscalizalos; os usos malintencionados da linguaxe, da publicidade, dos sucesos, dos xuízos, ou os retoques de fotografías; a censura que volve ser unha práctica habitual dos medios; a desacreditación dos movementos sociais que xorden espontaneamente da opinión pública... son algunas das malas prácticas que inundan os medios de comunicación.

Esta situacións poñen ás persoas na

necesidade de ter que ser responsables de onde se informar: comprobar as fontes, contrarrestar opinións, valorar o rigor das información, analizar e reflexionar sobre o que acontece o seu arredor... é por todo isto que é mais necesario ca nunca conseguir métodos que garden códigos que preserver contra a contaminación da mentira, o desentendemento, o odio, a violencia.

A liña que debería ser inquebrantable para alcanzar isto é o respecto aos principios fundamentais dos dereitos humanos e ás liberdades civís. Un fondo ético de valor universal.



"Pódese enganar a todos nalgúnha ocasión, mesmo se pode enganar a moitos durante algún tempo, pero non se pode enganar sempre a todo o mundo."


Abraham Lincoln

GOVI


Á busca dos restos da balea mecánica.

é un soño conxunto
debuxado por Alexandre Doucin
escrito por María Ríos e Fátima Ruiz.

ENTREGA 3 de 5




É nunha dársena da parte oriental da Ría, onde a carrozaría de Govi transformarase nun resistente e amplio navío.



O navío así construído poderá ser utilizado por todas aquelas persoas, que vivendo da mar, necesiten unha embarcación máis grande ou máis resistente da que habitualmente dispoñen. Este navío pertencerá a toda a comunidade marítima e co paso do tempo será un dos seus bens más prezados.

novembro

| | | | | | | |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----|-----|
| | | | | I | 2 | 3 |
| 4 Pilates , 10 a 11 horas na Cova dos Ratos Charla 'Nuclear a resistencia en torno ao problema enerxético'. 20 horas na Cova dos Ratos | 5 Obradoiro de Cesteria 17 a 18 horas na Cova dos Ratos | 6 Pilates , 17 a 18 horas na Cova dos Ratos | 7 | 8 Presentación da revista A Boia + Trillirate as 22 horas no CSO Fusallo, A Garda | 9 | 10 |
| II Pilates , 10 a 11 horas na Cova dos Ratos | I2 Obradoiro de Cesteria 17 a 18 horas na Cova dos Ratos | I3 Pilates , 17 a 18 horas na Cova dos Ratos | I4 | I5 Presentación do libro 'Galicia, A Sentimental Nation: Gender, Culture and Politics' as 20 horas no Bou Eva | I6 | I7 |
| I8 Pilates , 10 a 11 horas na Cova dos Ratos | I9 Obradoiro de Cesteria 17 a 18 horas na Cova dos Ratos | I20 Pilates , 17 a 18 horas na Cova dos Ratos | I21 Olalla Cocina presenta o seu poemario 'Ningun precipicio' as 20 horas no Bou Eva | I22 | I23 | I24 |
| 25 Pilates , 10 a 11 horas na Cova dos Ratos Dia contra a violencia de xénero. 'o noso corpo, o noso territorio' As 20 horas dende a Farola | 26 Obradoiro de Cesteria 17 a 18 horas na Cova dos Ratos | 27 Pilates , 17 a 18 horas na Cova dos Ratos | 28 | 29 | 30 | |



A MANIPULACIÓN INFORMATIVA EN VIOLENCIA DE XÉNERO.

Rede de mulleres veciñas contra os malos tratos de Vigo.

A maioría das novas sobre violencia son prexudiciais para as mulleres e o seu contorno. Os medios de comunicación teñen que contribuir á erradicación da violencia e non proporcionar máis sensacionalismo e morbo, teñen que falar da realidade e en nome das mulleres que xa non poden defenderse. A falla de investigación nos casos por parte dos medios de comunicación fai que se dea unha información que non se corresponde coa realidade. Dende xa, os medios terían que darlle a seriedade e o rigor necesarios tendo en conta que, doutro xeito, o único que conseguén é que se tome a violencia como algo natural, sen ter en conta o prexuízo que causan ao convertilo en algo sensacionalista sen máis. Os medios de comunicación deberían empregarse para producir cambios sociais, non para promover unha sociedade manipulada para vender más sen ter en conta a dor das persoas. Non nos debe importar como morreu nin a opinión da veciñanza, o que pasa nunha casa só o saben os que nela moran e produce moitísima impotencia ver como se trasmite unha nova tan dolorosa sen o máis mínimo coidado nen respecto ás persoas que rodean o suceso.

"A violencia segue sendo tratada como un suceso, en vez de como un problema global que afecta a mulleres de todo o mundo."

En moitísimas más ocasións identifícase máis á vítima que ao asasino. A violencia segue sendo tratada como un suceso, en vez de como un problema global que

afecta a mulleres de todo o mundo, un problema que forma parte da violencia estrutural provocada polo sistema "sexista, clasista e racista" no que todas as mulleres estamos diariamente sometidas a soportar. Insultos, chistes, menosprecios, invisibilizacións, acoso e asasinatos.

Tamén hai manipulación informativa cando "A Xunta reduce nun 25% os fondos para as axudas periódicas para vítimas de violencia", mais aseguraban un aumento do crédito para que "as mulleres que cumpran os requisitos cobren as axudas", a día de hoxe, 8 de outubro, confírmase que non hai crédito e que non se sabe se se ampliará o orzamento.



**ASOCIACIÓN REDE
DE MULLERES VECIÑAIS
CONTRA OS MALOS TRATOS
DE VIGO**

Só lembrar unha última cousa: somos mulleres, non vítimas, somos xulgadas inxustamente, despreciadas, ignoradas, humilladas e incluso asasinadas por reclamar o que é xusto, pero non desistiremos en esixir o que é noso de pleno dereito.

MORTE EN COLOMBIA E LUME NO PINDO.

Juan Pablo Forti.

O 15 de maio do 2012 entrou en vixencia o tratado de libre comercio entre Colombia e EEUU, da man de grandes promesas de emprego e riqueza para o pobo colombiano. As consecuencias deste acordo non tardaron en deixarse notar. Unha das súas cláusulas, en concreto a 9.7'0, obriga aos agricultores colombianos a雇用 certificada, especificando ademais que só serán sementes certificadas as producidas por Monsanto, Singenta e "Cía."



Claro que de todo isto non sabían nada os labregos colombianos, que fan o que levan séculos facendo: reservar parte da súa producción para sementar a vindeira colleita. O goberno colombiano actuou en consecuencia, acudindo con maquinaria pesada e coa forza policial a Campoalegre, destruíndo ademais 77. 000 kilos de semente. Labregos e secadores de gran, hoxe na ruína e na ilegalidade, saíron á rúa a protestar. O estudiantado, os traballadores sanitarios, os transportistas e outros sectores apoiaron as súas reivindicacións. O goberno disipou as manifestacións a tiros nun país que leva semanas de folga e ducias de líderes populares mortos; entrementres as

FARC retomaron as armas. De todo isto soubemos grazas á cooperación sueca con fondos europeos. Seica estas noticias non interesan ás multinacionais da distracción masiva.

Tampouco interesa informar de como aquí en Galiza a xente de Quilmes resiste ao avance das piscifactorías, que contaminan o mar onde marisquearon dende sempre. A oposición destes veciños é efectiva, rendible e coordinada: crearon unha cooperativa para traballar as terras que os criadores de peixe pretendían mercar para ampliar o seu negocio.

"O lume provocado que arrasou más de dúas mil hectáreas destruíu tamén o proxecto cooperativo de Quilmes, e abriu as portas á especulación co Pindo."

O lume provocado que arrasou más de dúas mil hectáreas destruíu tamén este proxecto cooperativo, e abriu as portas á especulación co Pindo, rico en diversos minerais. Non sorprendería que a Xunta conceda permisos de explotacións dos mesmos á empresas estranxeiras, coma fixo en Corcoesto.

Os estados non nos representan, os mass-media non nos informan. Aínda así, neste século que empeza escuro coma o ouro negro, hai esperanza mentres aqueles que aínda teñen algo que defender se organicen e sinalen a ruta para os pobos: vivir en harmonía co entorno e repartir solidariamente o traballo e os recursos.

Mais a esperanza pode ser amarga se ningúén acude á chamada.

OS BIOSBARDOS:

PROTECTORA DE ANIMAIS DE PONTEAREAS.

Protectora de Animais Os Biosbardos.

A Asociación Protectora de Animais Os Biosbardos ten como obxectivo principal a xestión do Refuxio de Animais Abandonados de Ponteareas e a consecución de medios para poder sustentalo xa que carecemos de calquera tipo de axuda pública. Realizamos ademais unha incansable labor de concienciación social sobre o grave problema do abandono e maltrato animal, promovendo a adopción e esterilización.

"Cada ano chegan á familia biosbarda unha media de 200 animais, os cales son desparasitados e esterilizados en tódolos casos, e vacinados tamén os cachorros."

Nos últimos meses atopámonos nunha situación económica insostible debido ós numerosos gastos ós que temos que fazer fronte diariamente. Cada ano chegan á familia biosbarda unha media de 200 animais, os cales son desparasitados e esterilizados en tódolos casos, e vacinados tamén os cachorros. Ademais desta atención básica asumimos tamén o gasto en atención veterinaria mais específica xa que algúns animais chegan a nós nunha situación lamentable: con patas rotas, desnutrición, insuficiencia renal, sarna, leishmania, tumores... Á atención veterinaria temos que sumar o gasto en manutención dos 200 animais que se atopan de media baixo a nosa responsabilidade, os gastos de desprazamento, material sanitario e farmacéutico, produtos de limpeza, materiais para o mantemento e mellora das instalacións, gasto telefónico, etc.

Explicámossos aquí algunas das formas de colaborar para que este traballo continúe sendo posible, seguro que atopas a túa!

- Faite soci@: desde 15 € ó ano podes facerte soci@.
- Amadriña/apadriña: por só 6 € ó mes farás sentir a un peludo moi especial!
- Teaming: microdonacións de 1 € ó mes.
- Dona: penso, colares, correas, material sanitario, produtos de limpeza.... E tamén calquera cousa en bo estado para vender nos nosos mercadiños (roupa, libros, cds, xoias, obxectos de decoración, etc).
- Merca: ademais de mercadiños montamos tamén postos biosbardos de comida vexetariana caseira. Infórmate na nosa páxina web ou fb onde será o próximo evento!
- Petos biosbardos: axúdanos a distribuílos nos diferentes locais que coñezas; bares, restaurantes, centros veterinarios.

Doazóns na conta de Novagaliciabanco 2080 - 5435 - 51 - 3040123305 ou mediante PAYPAL.



Máis información:

<https://protectoraosbiosbardos.org>
Por pequena que sexa, a túa achega é necesaria. AXÚDANOS A AXUDALOS!

ABRIR VIGO AO MAR: PERO DESTA VOLTA DE VERDADE.

Uxío Reinoso

Nos últimos tempos estopou unha outra burbulla no estado español, a dos barcos privados de recreo; entre 2008 e 2012 houbo unha reducción na nova matriculación do 67%. No mesmo período, en Galicia duplicáronse os puntos de amarre, e está previsto voltar a dupicalos ata o 2020.



Nenos de comezos do s. XX desfrutando do mar de Vigo.

Actualmente o Náutico de Vigo SA (NVSA) está a pasar moitos apuros precisamente pola especulación sobre os amarres do seu "porto deportivo". En 2009 NVSA e a Autoridade Portuaria impulsaron a creación de 150 amarres para grandes iates na darsena da Laxe, e ademais pensabase remodelar os das Avenidas para facelos de luxo. O resultado foi nefasto, apenas conseguiuse colocar a metade destes amarres xestionados polo NVSA nestas darsenas de propiedade pública. Actualmente a remodelación da darsena das Avenidas está paralizada, e calquera pode observar como apenas está ocupada nun terzo. Tamén hai que ter en conta que a metade dos iates amarrados

na ría de Vigo son empregados menos de 3 veces ao ano. Esta náutica "deportiva" é un capricho da oligarquía, que ainda por riba fase a costa dun ben público como é o Dominio Público Marítimo-Terrestre.

En Vigo sigue a imperar un urbanismo feito por e para os de arriba. Rara é a vez en que acertamos en reconducir os fracasos do pasado nun futuro mellor para a cidadanía de a pe. A especulación urbanística, vestida cos falsos ropaxes dunha "modernidade" mal entendida (elitista, provinciana, fora de escala), detrozou o noso patrimonio arquitectónico e natural, mercantilizando o espazo publico. Un bo exemplo disto foi o ignominioso proxecto "Abrir Vigo ao Mar", que ten no mostruoso CC. A Laxe o seu emblema.

"Agora a idea é ben sinxela, convertir a parte oriental da darsena das Avenidas nunha zona de baño."

Agora a idea é ben sinxela, convertir a parte oriental da darsena das Avenidas, entre o peirao de Jules Verne e o edificio da Xunta, nunha zona de baño. Bastaría con retirar os pantaláns baleiros e o paseo de madeira, para, mediante a construción dunha rampa, facilitar á xente unha "piscina" de 20.000 m². Quizás, para a seguridade das bañistas, tamén sexa preciso sanear o fondo da darsena, e restrinxir o acceso de embarcacións a motor na parte occidental, destinandoa exclusivamente ás de vela e remo. Abrindo o Mar as viguesas estariamos abrindo Vigo ao Mar, pero desta volta de verdade.

**SÓBRANOS DEMASIADO MES
DESPOIS DE CHEGAR A FIN DE SOLDO**



carlos casal

**COLABORA
coa Revista**

aboia.info
revistaaboia@gmail.com



A Boia ENTREVISTA A...

Toni Martínez,

COOPERATIVISTA-TRABALLADOR DE “LA MAREA”.

1. Como funciona unha cooperativa como La Marea?

Trátase dun modelo cooperativo no que as grandes decisións as toma a asemblea de socios/as e na que non hai ningún gran empresario/a detrás.

Trátase dunha cooperativa na que hai dous tipos de socias: socia-usuaria e socia-traballadora. Ademais hai un consello reitor (formado por 3 usuarias e 3 traballadoras) elixido pola asemblea e que se encarga de tomar decisións rápidas e concretas para que o funcionamento da cooperativa sexa máis áxil e dinámico.

2. Que opinas sobre a labor de Indymedia respecto de como entendemos o xornalismo na actualidade?

Eu creo que Indymedia, Nodo50.org e outros portais que naceron coa chegada de Internet foron indispensables para entender como é o xornalismo actualmente. Ademais, creou unha conciencia crítica sobre os medios de comunicación tradicionais.

De todos xeitos, eu creo que xa estamos nunha segunda fase. Temos que aspirar a crear medios de masa que non dependan de poderes económicos nin políticos e que non sexamos pequenos redutos.

3. É certo que hai xornalistas a soldo dos partidos políticos?

Non o sei, persoalmente non coñezo a ningún. O que si podo asegurar é que hai medios de comunicación a soldo de partidos políticos e de administracións locais, autonómicas ou estatais.

É normal, áinda que non debería serlo,

que se, por exemplo, un gran medio de comunicación en Galicia recibe millonadas en forma de publicidade da Xunta de Galicia, as súas opinións sobre Feijóo sexan... canto menos suaves.

Ao final se o teu modelo de negocio depende dos cartos que che dá un partido, un goberno ou uns grandes almacéns... es un pouco menos libre para informar sobre eles, non é?

E ese creo que foi un dos grandes males desta profesión, ter permitido iso.

4. Como debe ser a labor do xornalismo do século XXI?

Pois como a do século XX ou do XIX, non? Informar, contar historias, analizar, reportaxear, contar algo que alguén non quere que se saiba. Pero hai dous males que o xornalismo debe combater: o exceso de opinión e o exceso de información.

Ultimamente todo o mundo opina sobre os recortes en sanidade, a educación, o financiamento autonómico... pero se fan moi poucos reportaxes de análise, creo que esa debe ser unha liña do xornalismo do século XXI e creo que en “La Marea” imos nese camiño.

O outro problema é a sobreinformación, Twitter, Facebook, o mail... temos que comenzar a cuestionarnos non só as informacións que vemos nos xornais, senón tamén todo o que chega á nosa bandexa de correo... Quizais ese tamén debería ser traballo dos xornalistas de hoxe, peneirar que é verdade e que non, e so dar voz ás cousas que sexan certas e contrastadas.

